



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O SERVIZO GALEGO DE SAÚDE E A ASOCIACIÓN DOA SAÚDE MENTAL PARA O DESENVOLVEMENTO DUN PROGRAMA DE INTERVENCIÓN PRECOZ EN PSICOSE

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O xerente do Servizo Galego de Saúde, **DECLARA:**

Que o Servizo Galego de Saúde ten previsto formalizar coa Asociación DOA SAÚDE MENTAL o instrumento convencional arriba referido con un período de vixencia que abrangue dende o día seguinte ao da súa sinatura ata o 31.12. 2019.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

A realización do "Programa para a intervención precoz en psicose". No desenvolvemento deste programa, a asociación atenderá a aqueles pacientes que cumpran criterios para ser beneficiarios do programa, conforme o indicado no Anexo 1 do convenio, respectando os principios de universalidade, anonimato, voluntariedade e gratuidade.

O programa de intervención precoz en psicose terá como obxectivo xeral planificar, aplicar e avaliar as estratexias neuropsicolóxicas de tratamento e rehabilitación, dirixidas a compensar os déficits cognitivos, alteracións no comportamento ou deterioro social do paciente.

Os obxectivos específicos do programa de intervención temperá en psicose son os seguintes :

- O establecemento de medidas de liña de base para o seguimento de alteracións que poidan ir aparecendo de xeito progresivo e adaptar a esta evolución os procedementos de rehabilitación.
- Potenciar a aprendizaxe do paciente mellorando as súas capacidades a través da formación en metacognición, estratexias de aprendizaxe, intelixencias múltiples, creatividade e psicomotricidade.
- Axudar ao paciente no proceso de toma de conciencia da enfermidade.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamenta no seguinte:

O Servizo Galego de Saúde, ten atribuídas as competencias precisas para o desenvolvemento de todas as áreas que configuran o concepto integral de saúde, xestionando a sanidade en todas as súas facetas, de conformidade co previsto no Título VI da Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia.





Dentro do Servizo Galego de Saúde, a Subdirección Xeral de Planificación e Programación Asistencial é a unidade administrativa á que se refire o artigo 3 do Decreto 389/1994, do 15 de decembro, polo que se regula a saúde mental en Galicia, encargada de xestionar os plans e programas de saúde mental da Comunidade Autónoma e coordinar os dispositivos dedicados á saúde mental.

Na nosa comunidade, a atención dende un modelo comunitario e de recuperación das persoas con trastorno mental severo é unha prioridade, polo que é preciso desenvolver programas que acaden este obxectivo dende as fases iniciais das enfermidades.

A asociación DOA Saúde Mental, é unha entidade sen ánimo de lucro, que leva a cabo actividades de axuda e apoio aos enfermos mentais e ás súas familias, tendo como un dos seus fins principais promover intervencións en saúde mental non cubertas polas institucións existentes, buscando unha mellor relación entre o enfermo mental, o medio familiar e a sociedade.

A asociación DOA Saúde Mental cumpre os requisitos para obter a condición de beneficiario da subvención segundo o recollido no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Por isto que ámbalas dúas partes consideran de particular importancia o establecemento de accións conxuntas promovendo:

- A atención ao trastorno mental severo en todas as fases da enfermidade.
- A intervención nas fases iniciais a fin de diminuír o impacto que o padecemento destas patoloxías produce no desenvolvemento da persoa e na súa contorna social e familiar.
- Dar apoio aos pacientes e ás súas familias, e colaborar cos profesionais do ámbito sanitario, social e educativo que atenden aos afectados por estes trastornos mentais.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de abril de 2014, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria,

